

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip de Cedeira
CURSO: 5º Educación Primaria
MATERIA: Lingua galega
DEPARTAMENTO:
DATA: maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos. 	5º-LG-B1.1.1 - Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. 	5º-LGB1.2.2 - Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	5º-LGB1.4.1 - Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. 	5º-LGB2.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. 	5º-LGB4.9.1 - Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes. 	5º-LGB5.3.3 - Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérboles e xogos de palabras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1 Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. 	5º-LGB5.1.1 - Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. 	5º-LGB4.7.3 - Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas 5º-LGB4.7.2 - Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras. 5º-LGB4.7.1 – Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Transformar un texto narrativo sinxelo de estilo directo noutro de estilo indirecto. 	5º-LGB4.6.1 - Transforma un texto sinxelo narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas sinxelas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos. 	5º-LGB4.5.1 - Identifica, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito..
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe 	5º-LGB4.3.3 - Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.

adecuada nas producións orais e escritas.	5º-LGB4.3.2 - Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.
	5º-LGB4.3.1 - Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
▪ B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	5º-LGB4.2.2 - Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.
	5º-LGB4.2.1 - Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	5º-LGB4.1.1 - Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.
▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	5º-LGB3.7.1 - Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado? en calquera soporte.
▪ B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	5º-LGB3.5.2 - Emprega procesadores de textos con certa autonomía.
	5º-LGB3.5.1 - Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.
▪ B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.	5º-LGB3.4.2 – Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
	5º-LGB3.4.1 - Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.
▪ B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	5º-LGB3.3.1 – Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
▪ B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	5º-LGB3.2.4 - Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.
	5º-LGB3.2.1 - Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións
▪ B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	5º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.
	5º-LGB3.1.3 - Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
	5º-LGB3.1.2 - Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.
▪ B2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	5º-LGB2.11.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Análise das producións feitas polo/a alumno/a e entregadas a través dos medios establecidos (correo electrónico). Intercambios orais co alumnado nas videoconferencias establecidas para a materia. Análise da participación do alumnado no foro habilitado para a materia e a través do correo electrónico.</p>
	<p>Instrumentos: Rúbrica para análise e valoración das producións. Análise e corrección mediante escalas de valoración dos traballos presentados. Escala de valoración da participación polas canles establecidas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Seguindo as instrucións realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado. Entrega de traballos e tarefas propostas: 60% Participación no foro da materia: 20% Participación nas videoconferencias da materia: 20%</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> <p>Criterios de avaliación: Serán iguais que para o resto do alumnado, na parte que corresponde ao traballo proposto para este trimestre; realizarán un programa de recuperación de avaliacións pendentes, establecido para o alumnado</p>

	<p>con pendentas. No caso da materia de lingua galega, consistirá na realización e entrega dunhas actividades que recollan os contidos da avaliación suspensa, así como unha proba de lectura e comprensión escrita, realizada por videoconferencia co alumno/a en que tivese algunha avaliación suspensa.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Entrega e valoración do traballo xeral: 40% Entrega e valoración do traballo específico de recuperaciónn: 40% Realización da proba oral individual: 20%</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Entrega e valoración do traballo proposto, tanto xeral como específico para ese alumnado. No PLAN DE RECUPERACIÓN inclúese unha serie de actividades relacionadas cos contidos curriculares mínimos, que deberán de entregar por correo electrónico, así como a produción dun texto curto e lectura oral e respostas a preguntas de comprensión sobre o texto, realizadas por videoconferencia individual coa mestra.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Neste curso comezamos o programa E-Dixgal en 5º polo que todo o alumnado conta con medios tecnolóxicos para o seguimento telemático do curso, así como acceso á plataforma EVA. A proposta e seguimento dos contidos e actividades faise a través desta plataforma, así como empregando as videoconferencias, que organizamos de forma coordinada entre a mestra-titora, a mestra PT do programa ARCO, a mestra do programa REFÓRZATE e a mestra de AL do colexio. Organizamos a clase en varios grupos, que se conectan todos os días da semana a través de videoconferencia. As dúbidas e explicacións de contidos realízanse a través do foro da materia, do correo electrónico e das videoconferencias establecidas.
Materiais e recursos	O alumnado fai uso de ordenador e/ou tabletas, móbil, todos eles con conexión a internet. O alumnado levou para casa todo o material en papel que precisaba, así como outro material funxible. Tamén facemos uso do servizo de fotocopias que proporciona o Concellería de Ensino do Concello de Redondela, para facilitar ás familias os recursos en papel que precisan os seus fillos e fillas. Páxinas web e aplicacións axustadas aos contidos e competencias que traballamos.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Toda a información relativa ás actividades está subida á plataforma EVA EDIXGAL. As correccións fanse nas videoconferencias ou a través de correo electrónico. As comunicacións coas familias fanse a través do teléfono, de abalar e do correo electrónico. Tanto o alumnado como as súas familias están sendo informadas puntualmente dos procesos de realización, seguimento e recuperación da materia.
Publicidade	As adaptacións das programacións faranse públicas na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------